

CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 2684/11 ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO E O CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL MENELA POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DE COIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE A.F. VINCULADO ÁS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO.

Dunha parte D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra parte D. Cipriano Jiménez Casas, como representante legal do Centro de Educación Especial Fundación Menela.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes e do Instituto Municipal dos Deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.

O Centro de educación Especial Menela é unha entidade declarada de interese Galego, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

O Centro de educación Especial Menela ten entre os seus fins, fomentar e prestar todo tipo de axudas ao estudo, promoción, investigación e asistencia, nos aspectos sociais, económicos, legais, culturais, sanitarios, de rehabilitación...e calquera outro de semellante natureza, ás persoas que sufran enfermidade ou marxinación social, máis especialmente ós enfermos ou deficientes mentais, persoas con discapacidade , psíquicos ou físicos..., procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, desenrolo humano, mellora do seu entorno familiar e social, e fomentar accións cara á a atención destas persoas por calquera institución ou organismo público ou privado.

O Centro de educación Especial Menela, desenvolve a súa labor educativo-formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Camiño da Veguila, 15, en Vigo. Este centro non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento dos programas vinculados á Actividade Física necesaria para o colectivo.

Po outra banda, a Ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, no seu artigo 6, apartado c), establece que *"as actividades deportivas organizadas polo propio IMD e pola Concellería de Deportes, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con outras institucións ou entidades (Persoas físicas ou xurídicas) coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do IMD condicionada á ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración"*

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física

destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexiráse polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física do Centro de educación Especial Menela nas instalacións Municipais do Pavillón de Coia.
2. O Centro de educación Especial Menela, en base ó artigo 6, letra c), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, e que ascende ó importe de 938,55 €.
3. O Centro de educación Especial Menela, comprométese a desenvolver o programa de A.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Coia nos horarios e datas establecidos no texto do convenio.
4. O Centro de educación Especial Menela presentará, á sinatura do convenio o programa a desenvolver en cada franxa horaria.
5. O Centro de educación Especial Menela é o responsable do desenvolvemento das actividades na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable das mesmas.
6. O Centro de educación Especial Menela comunicará ó IMD con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das actividades.
7. O IMD non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento do programa de actividade.
8. O Centro de educación Especial Menela presentará, previa á sinatura do convenio, unha póliza de responsabilidade que garantice as coberturas suficientes ós participantes na actividade, e ós posibles danos que a actividade poidera causar no patrimonio Municipal.
9. As persoas que participen na actividade na instalación, será exclusivamente os vinculados ó programa de A.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa o desenvolvemento do programa de A.F obxecto do presente convenio.
10. Os e as participantes no programa accederán á instalación precedidos polo responsable do mesmo, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante do programa queda na instalación.

11. O Instituto Municipal Dos Deportes de Vigo, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases, non estando autorizada a utilización das duchas.
12. O IMD resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación. Neste caso se avisará por escrito á entidade, debendo ésta cancelar a actividade na instalación Municipal.
13. A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o período 2014-2015 (Do 01/10/2014 ata 31/07/2015):

Martes	10,15 h a 13,00 h
Mércores	10,15 h a 13,00 h

14. O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude do Centro de educación Especial Menela, nas datas establecidas na normativa do IMD.
15. O Presidente do IMD queda facultado para resolver calquera dúbida ou litixio que puidera derivarse do desenvolvemento deste convenio.


Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por triplicado, o día 14 de outubro de 2014.

O Alcalde de Vigo



Asdo. Abel Caballero Álvarez

O Director do C.E.E Menela



Asdo. Cipriano Jimenez Casas

A Secretaria da Xunta Rectora do IMD



Asdo. Concepción Campos Acuña

